



ÍNDICE

- 1) **Introdución**
- 2) **Metodoloxía**
- 3) **Atención á diversidade**
- 4) **Temas Transversais**
 - 4.1 **Educación en Valores**
 - 4.2 **TIC**
- 5) **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**
- 6) **Secuenciación**
 - 6.1 **Obxectivos**
 - 6.2 **Contidos**
- 7) **Avaliación**
 - 7.1 **Criterios de avaliación**
 - 7.2 **Mínimos esixibles**
 - 7.3 **Procedementos de avaliación**
 - 7.4 **Criterios de cualificación**
 - 7.5 **Medidas de recuperación**
- 8) **Recursos Didácticos**
- 9) **Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**
- 10) **Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**
- 11) **Criterios para a obtención dos premios fin de grao**
- 12) **Rúbricas de avaliación**

1. INTRODUCCIÓN

A formación integral do músico require unha gran variedade de enfoques estilísticos, estéticos e artísticos que amplíen o seu horizonte profesional. Neste sentido, a improvisación constitúe unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento da creatividade e a expresión musical, ao permitir ao alumnado a creación a tempo real da súa propia música e a exploración de novas sonoridades. Esta materia ten como obxectivo a obtención por parte do alumnado dos coñecementos e as ferramentas necesarias para improvisar dun xeito satisfactorio dentro do contexto da música tonal, con especial atención á linguaxe jazz.

Por este motivo será de especial interese para aqueles alumnos/as coa perspectiva de acceder á especialidade de jazz no grao superior. Esta materia terá un carácter principalmente práctico, de asimilación no instrumento de coñecementos teóricos previos, incluíndo aspectos harmónicos, rítmicos, melódicos ou formais, sen esquecer os recursos interpretativos característicos propios dos estilos nos que se improvise, en canto á articulación, fraseo, sonoridade ou técnicas instrumentais, así como a práctica da lectura a vista e o desenvolvemento da memoria sobre temas de repertorio da música popular en xeral e do jazz en particular.

Os contidos básicos desta materia articúlanse en torno a tres eixes principais: unha certa destreza na técnica de execución; comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos e a capacidade creativa para desenvolvelos e aplicalos en diversas situacións.

Os seguintes campos de coñecementos están incluídos dentro dos bloques de contido

- Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas pezas musicais que permitan, por medio de ámbolos dous procedementos, obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade poderase abordar dentro do grao superior.

- Realización de cifrados (sobre todo o americano), como práctica de improvisación como solista ou acompañando a unha melodía.

Esta práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por esixir un certo grao de creatividade, supón ademais, como se dixo anteriormente, un contacto preliminar á improvisación de maior nivel de dificultade, cuxo estudo en profundidade poderase abordar dentro do grao superior.

2. METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar basearase en clases dinámicas e participativas nas que os alumnos/as se sintan implicados como parte fundamental do proceso educativo. Procurarase empregar actividades variadas e lúdicas con obxecto de que o estudante se motive e goce da aprendizaxe musical. O profesorado desenvolverá a súa estratexia de aula, e seleccionará e ordenará o material e os recursos didácticos que estime oportunos atendendo ás necesidades específicas do alumnado.

As clases serán eminentemente prácticas evitando na medida do posible tanto a toma de apuntes coma o uso de material teórico impreso. Intentarase que a adquisición de coñecementos se poña en práctica no momento por medio do instrumento e por medio da análise formal, harmónica e melódica das pezas traballadas. Dada a carga lectiva do alumnado deste curso 6º de grao profesional, tratarase de facer esta materia o máis participativa e práctica posible e os contidos serán traballados e asimilados no tempo da clase sen que teñan que levar tarefa para a casa e que a aprendizaxe se demostre a través da música improvisada.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. No conservatorio recoñécese a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa e variable, e acolle a un alumnado igualmente diverso. O principio de “Atención á diversidade” enténdese dende os seguintes enfoques:

1. As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos/as e non só duns poucos.
2. Todos os alumnos/as necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axuda requirida.
3. As necesidades educativas do alumnado preséntanse sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.

Así mesmo, as persoas que destacan ou sobresaen pola súa excepcionalidade intelectual podémolas englobar co termo "Altas Capacidades". Estas persoas forman un grupo moi heteroxéneo. As concepcións sobre a sobradotación e talento foron modificándose en función dos diferentes modelos de intelixencia. Estes modelos podemos clasificalos en modelos baseados en capacidade, modelos baseados no rendemento, modelos cognitivos e modelos socioculturais.

A atención á diversidade leva implícita unha serie de medidas que se ofrecen dentro dunha estratexia común con diferentes opcións:

- a) O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos/as e a todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- b) Adaptacións do material didáctico: as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.
- c) Proponer actividades de traballo diferenciadas: O profesor/a fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- d) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- e) Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno/a individualmente.

4. TEMAS TRANSVERSAIS

4.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenvolvemento da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a esta realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas na aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, a ruptura de barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz, poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que en principio parecen pouco dadas ao uso das TIC, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas a compartir de forma masiva material audiovisual facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos, e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (cámaras de vídeo, gravadoras, tabletas, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno/a.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou GoogleDrive permiten a creación de espazos para compartir material electrónico para os alumnos/as que poden ser controlados polo profesor/a.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recoller información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

É importante que o alumno/a, como músico/a, se expoña a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumnado coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Sería de grande interese en relación á materia que nos ocupa que o alumnado asista a concertos de todo tipo de estilos e manifestacións musicais, especialmente aquelas onde está presente a improvisación.

6. SECUENCIACIÓN

-Curso 6º de Grao Profesional

6.1. Obxectivos.

O ensino da improvisación no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Desenvolver a capacidade de improvisar como forma de expresión e de exploración da propia imaxinación musical.
- Coñecer os fundamentos da harmonía tonal e aplicalos na práctica instrumental.
- Coñecer e aplicar de xeito práctico os fundamentos rítmicos dos diferentes estilos musicais abordados.
- Coñecer e aplicar o fraseo axeitado aos diferentes estilos musicais abordados.
- Improvisar a partir dos símbolos do cifrado americano.
- Desenvolver a capacidade de escoita a través do manexo de elementos previamente identificados.
- Interpretar e improvisar de memoria temas do repertorio de jazz e música popular.

6.2. Contidos.

- Coñecemento do cifrado americano, acordes tríadas e cuatríadas.
- Os modos na tonalidade maior. Escalas.
- Escalas pentatónicas.
- Escala de blues.
- Relación escala-acorde, análise e práctica.
- Notas de paso diatónicas e cromáticas.
- Funcións tonais.
- Secuencias harmónicas básicas IIm7-V7-Imaj7 e IIm7(b5)-V7-Im
- Dominantes secundarias e estendidas.
- Dominantes alteradas e sen alterar.
- Substitucións de tritono.
- Paralelismo maior e menor.
- Ritmo. Articulación e acentuación nos diferentes estilos.
- Exercicios de subdivisión rítmica.
- Uso de parámetros como dinámicas extremas, tocar rubato, tempos extremos, sensación harmónica tonal.
- Fraseo e articulación: combinación silencio-interpretación no fraseo.
- Inicio e resolución da frase: a tempo, anticipada e retardada.
- Desenvolvemento melódico: tensión e repouso, e elementos que os producen: tensión, clímax e resolución.
- O blues: estrutura e tipos.
- As estruturas de 12, 16, 24, 32 compases.
- Práctica da lectura á vista.
- Interpretación e improvisación de temas de jazz e outros estilos (latino, funk etc.)
- Audicións comentadas e comparadas.
- Introducción ao jazz e outros estilos (latino, funk etc.)

7. AVALIACIÓN

O profesor/a avaliará aos seus alumnos/as tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor/a valorará de forma constante o progreso do alumnado ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento.

7.1 Criterios de avaliación.

- Realizar progresións harmónicas tonais, analizando os cifrados e desenvolvendo as tríadas e cuatríadas utilizando os recursos de fraseo e articulación propios do jazz.
- Improvisar sobre estruturas harmónicas a partir dun cifrado.
- Desenvolver escalas pentatónicas sobre diferentes progresións harmónicas.
- Realizar exercicios sobre estruturas de blues clásicas, utilizando as escalas pentatónicas.
- Tocar improvisacións sobre secuencias básicas II-V-I sobre diferentes estruturas de 12, 16, 24 e 32 compases.
- Transportar e poder tocar ideas melódicas en diferentes tonalidades.
- Desenvolver frases sobre estruturas combinando silencio-interpretación a través da utilización de elementos de tensión e repouso e creando momentos de clímax e resolución nelas.
- Improvisar de memoria sobre diversas estruturas e temas sinxelos de repertorio de jazz e popular.

7.2. Mínimos esixibles.

Realizar improvisacións en 3 temas do repertorio traballado durante o curso.

7.3. Procedementos e ferramentas de avaliación.

- A principio de curso procederase a realizar unha avaliación inicial: a súa utilidade é identificar os coñecementos previos e aptitudes do alumno/a.
- Farase un control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grao de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

Dada a importancia da observación directa e o seguimento continuo do alumnado, dentro das ferramentas de avaliación, o profesorado terá en conta estes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de proporcionar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: primeiro trimestre **30%**, segundo trimestre **30%** e terceiro trimestre **40%**.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a **5** puntos sobre 10.

7.4. Criterios de cualificación.

- Traballo na aula: **80%**
- Audicións: **20%**

7.5. Medidas de Recuperación

- Procedementos de recuperación ordinarios

En cada avaliación, o alumnado que non consiga aprobar a materia, recibirá un Informe de Avaliación que recolla os obxectivos non acadados e as tarefas de recuperación que o profesorado considere necesarias. Ao tratarse de grupos reducidos, o profesorado determinará as actividades de recuperación a seguir, adaptándose de xeito óptimo ás necesidades do alumnado.

Se o alumno/a non acada unha cualificación positiva na última avaliación deberá interpretar e improvisar **3 pezas** de diferentes estilos, sendo o profesorado o encargado de escoller as pezas.

- Procedementos de avaliación nos casos nos que a avaliación continua non é posible

No caso de perda da avaliación continua, o alumnado realizará unha proba consistente nun exame práctico en xuño (xa comentado) segundo os criterios de avaliación da materia.

NOTA: Será criterio do profesorado o que determine se un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao **50%** das sesións de clase do trimestre.

- Proba extraordinaria de avaliación (materias con cualificación negativa)

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación do fin de curso, terá a opción de facer a proba extraordinaria de xuño. Nesta proba o alumnado deberá presentar o mesmo que na proba ordinaria de fin de curso.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS (BIBLIOGRAFÍA)

- OLTRA, M. (2010). *Ejercicios de ACOMPAÑAMIENTO*. Barcelona: Boileau.
- ASINS ARBÓ, M. (2006). *Teoría y práctica del bajo cifrado*. Real Musical.
- MOLINA E. (1990). *Improvisación al piano volúmenes 1-4*. Madrid: Real Musical.
- WILLIART, C. (2006). *Tratado de Acompañamiento*. Real Musical.

9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, o profesorado revisará de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos/as, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos/as: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores/as informarán aos alumnos/as e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, para un bo desenvolvemento da titorías e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno/a.

10. PROCESOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

O Departamento establecerá o protocolo oportuno para a realización da avaliación interna do mesmo. Desta avaliación xurdirán posibles oportunidades de mellora que

constarán en acta e na memoria final. Estas posibles melloras poderán implementarse no vindeiro curso.

- Reunións periódicas do departamento.
- Observación sistemática e continua.
- escoita nas reunións das ideas doutros profesores.
- escoita nas audicións trimestrais.



11. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades.

12. RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

-Rúbrica de avaliación ordinaria

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Traballo na aula 80%	0	1,6	3,2	4	4,8	5,6	6,4	7,2	8
Audicións 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
NOTA									

-Rúbrica de avaliación puntual (no caso de que non sexa posible a avaliación ordinaria ou para a avaliación extraordinaria)

	Puntuación								
Criterios	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Traballo na aula 80%	0	1,6	3,2	4	4,8	5,6	6,4	7,2	8
Audicións 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
NOTA									